



**San Sadurniño**  
www.sansadurnino.es

Avda. Marqués de Figueroa, s.n.  
15560 San Sadurniño (A Coruña)  
Teléf. 981 490 027  
Fax. 981 490 474

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA  
POLO PLENO DO CONCELLO, O DÍA 05/03/2011.**

Alcalde Presidente:

D. Secundino García Casal.

Concelleiros presentes:

D. Manuel Varela Mecías.

D. Xosé López Gudín.

D<sup>a</sup> María del Carmen Muiño Filgueira

D. Jesús Manuel Soto Vivero.

D. Constantino Bedoya Vázquez.

D. Hipólito Díaz Silva.

D. Juan Antonio Hermida Tembrás.

D. José Romero Ledo.

D. Fernando Márquez Hermida.

Concelleiro ausente:

D. José Serafín Gudín Sabín.

Secretario:

D. Miguel A. Arroyo Moreno.

No Salón de Sesiões da Casa do Concello de San Sadurniño, sendo as once horas e trinta e dous minutos do sábado día cinco de marzo de dous mil once, comparecen os Sres. Concelleiros deste Concello arriba indicados, en presenza do devandito Secretario, para a celebración da sesión ordinaria do Pleno do Concello oportunamente convocada polo Sr. Alcalde.

Iníciase seguidamente a deliberación dos asuntos de competencia do Pleno incluídos na Orde do Día da sesión, que son os seguintes:

**PRIMEIRO. APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.**

Dase conta da acta da sesión ordinaria celebrada o día oito de xaneiro do presente ano dous mil once. Pola Presidencia pregúntase ós Sres. membros da Corporación se teñen observacións ou propostas de modificación que formular en relación con esa acta. Non téndoas, a Corporación, en votación ordinaria e por unanimidade dos seus dez membros presentes, acorda prestarlle a súa aprobación.

**SEGUNDO. ACORDOS PARA MODIFICACIÓN OU DERROGACIÓN DE ORDENANZAS FISCAIS.**

Dase conta da conveniencia da derogación da Ordenanza Fiscal nº 15, reguladora da Taxa sobre a publicidade, debido a que as dificultades que supón a súa aplicación non compensan a escasa recadación que se podería acadar, polo que nunca chegou a aplicarse



**San Sadurniño**

www.sansadurnino.es

Avda. Marqués de Figueroa, s.n.  
15560 San Sadurniño (A Coruña)  
Teléf. 981 490 027  
Fax. 981 490 474

desde a súa aprobación. O asunto foi favorablemente dictaminado pola comisión informativa competente deste Concello.

Os representantes dos grupos do PP e PSOE amósanse conformes coa proposta e coas razóns que a fundamentan.

Sometido de seguido o asunto a votación ordinaria, a Corporación, por unanimidade dos seus dez membros presentes, o que representa a maioría absoluta do seu número legal de membros, acorda derrogar a Ordenanza Fiscal nº 15, reguladora da Taxa sobre a publicidade, e ordear a exposición pública do contido do presente acordo, ós efectos oportunos

#### TERCEIRO. APROBACIÓN DE BASES PARA AXUDAS Ó ESTUDO.

Dase conta da proposta de bases reguladoras destas axudas, presentada polo concelleiro da área, Sr. Márquez, e moi semellantes ás do exercicio anterior, con algunhas modificacións puntuais no referido ó cómputo da renda dos solicitantes e ós tramos para a asignación de puntuacións ás solicitudes. O asunto foi favorablemente dictaminado pola comisión informativa competente deste Concello.

O Sr. Bedoya interven brevemente para manifestar a conformidade do seu grupo coas pequenas modificacións introducidas; O Sr. Alcalde, no mesmo sentido, indica que se considera que a proposta mellora as anteriores bases no referido ás puntuacións asignadas en función dos niveis de renda dos solicitantes.

Sometido de seguido o asunto a votación ordinaria, a Corporación, por unanimidade dos seus dez membros presentes, o que representa a maioría absoluta do seu número legal de membros, acorda aprobar as bases de que se trata, e ordear a exposición pública do seu contido e da correspondente convocatoria coa brevidade posible.

#### CUARTO. APROBACIÓN DE BASES PARA CONCESIÓN DE SUBVENCIONS DE CULTURA E DEPORTE.

Dase conta das propostas de bases reguladoras destas axudas, presentadas polos concelleiros das áreas correspondentes, Sres. Varela e Soto, que non sufren variacións a respecto das do exercicio anterior, ademais de que foron consensuadas coas entidades do Concello no ámbito do Consello de Participación Veciñal. O asunto foi favorablemente dictaminado pola comisión informativa competente deste Concello.

Sometido de seguido o asunto a votación ordinaria, a Corporación, por unanimidade dos seus dez membros presentes, o que representa a maioría absoluta do seu número legal de membros, acorda aprobar as bases de que se trata, e ordear a exposición pública do seu contido e a realización das correspondentes convocatorias coa brevidade posible.

#### QUINTO. ACORDOS SOBRE NOMES DE VÍAS PÚBLICAS E NUMERACIÓN DE EDIFICIOS.

Dase conta da necesidade de realizar estes traballos, e de que se contratou a unha empresa para realizar unha proposta en tal sentido, que xa está rematada e está sendo notificada ós veciños, e explícanse os cambios de denominación propostos para dous lugares



**San Sadurniño**

www.sansadurnino.es

Avda. Marqués de Figueroa, s.n.  
15560 San Sadurniño (A Coruña)  
Teléf. 981 490 027  
Fax. 981 490 474

da parroquia de San Sadurniño, a Praza Duques da Conquista, que pasaría a denominarse Campo da Feira e a Avenida Marqueses de San Saturnino, que se denominará Outeiro. Explícase tamén que os nomes propostos para os camiños de Cornide recolle as denominacións tradicionais que eses camiños teñen entre os veciños (Camiño da Portela, da Pía, do Muiño, do Rego, da Vidueda, da Fonte do Gando e da Braña). O asunto foi favorablemente dictaminado pola comisión informativa competente deste Concello.

O Sr. Bedoya toma a palabra para dicir que o seu grupo vaise abster na votación deste asunto, o mesmo que fixo na Comisión Informativa, non por estar en desacordo co fondo do asunto, senon pola forma da súa realización, sen nin sequeira tratar de acadar a participación ou a conformidade do seu grupo.

O Sr. Márquez di estar a favor da proposta, polo que supón de unificación de nomes e criterios de ordenación, e porque a considera necesaria de cara ó futuro.

O Sr. Alcalde xustifica as propostas de cambios de nomes na ruptura cun pasado de agradecemento á nobleza, substituindo eses nomes polos utilizados polos veciños. A respecto da participación do grupo do PP, di que a convocatoria deste Pleno estaba feita desde o luns e que o PP non viñera a consultar os expedientes nin ten presentada proposta algunha.

O Sr. Bedoya interven de novo para insistir en que este ven a engadirse a outros asuntos nos que o grupo de goberno non cunsultou nada coa oposición, como o da utilización do novo logo en lugar do escudo do Concello, incluso nos azulexos que se encargaron para a numeración dos edificios, que tamén teñen ese mesmo logo, respostándose polo Sr. Alcalde que únicamente se trata de abaratar custos, e que o azulexo non é obrigatorio, bastando con que se vexa o numero que se asigne a cada edificación.

Sometido de seguido o asunto a votación ordinaria, a Corporación, por maioría de seis votos favorables, dos concelleiros do BNG e PSOE, que representa a maioría absoluta do seu numero legal de membros, con catro abstencións, dos concelleiros presentes do PP, acorda aprobar a proposta de denominación de camiños públicos e numeración de vivendas de que se trata.

#### SEXTO. ACORDOS SOBRE DESAFECTACIÓN E PERMUTA DE BENS MUNICIPAIS.

Dase conta do expediente iniciado para a desafectación do uso público dun tramo do camiño público 572, que une o camiño público 224, no lugar de Ardariz, coa estrada CP 7603, no lugar de Albeiro, na parroquia de Santa Mariña do Monte, e que ten unha superficie de 301 metros cadrados, para a súa posterior calificación como sobranse de vía pública e a súa permuta por idéntica superficie dunha finca colindante, coa finalidade de regularizar o trazado do camiño e reducir o impacto negativo sobre esa propiedade privada colindante, cuxos donos iniciaron o presente expediente coa súa solicitude. O expediente foi exposto ó público mediante anuncio no BOP nº 11, do pasado día 18 de xaneiro, sen que se presentase alegación algunha durante esa exposición. O asunto foi favorablemente dictaminado pola comisión informativa competente deste Concello.



**San Sadurniño**  
www.sansadurnino.es

Avda. Marqués de Figueroa, s.n.  
15560 San Sadurniño (A Coruña)  
Teléf. 981 490 027  
Fax. 981 490 474

Sometido de seguido o asunto a votación ordinaria, a Corporación, por unanimidade dos seus dez membros presentes, o que representa a maioría absoluta do seu numero legal de membros, acorda aprobar o expediente de que se trata, e ordear a realización coa brevidade posible dos trámites precisos para a súa plena efectividade.

#### SÉTIMO. RATIFICACIÓN E TOMA DE RAZÓN DE ACORDOS E RESOLUCIÓN.

Dase conta de varias solicitudes de subvención formuladas mediante resolucións da Alcaldía e acordos da Xunta de Goberno Local, que xa obran en coñecemento dos concelleiros, e, especialmente, do acordo acadado pola Xunta de Goberno Local, na súa sesión do pasado día 05/02, de actualizar os cadros de tarifas de varias ordenanzas fiscais do Concello, nas que estaba prevista esa actualización automática e por unha contía equivalente á experimentada polo índice de prezos ó consumo publicado polo Instituto Nacional de Estatística, que representa neste caso a aplicación dun coeficiente do 1,03. O asunto foi favorablemente dictaminado pola comisión informativa competente deste Concello.

Sometido de seguido o asunto a votación ordinaria, a Corporación, por unanimidade dos seus dez membros presentes, o que representa a maioría absoluta do seu numero legal de membros, acorda ratificar o acordo de que se trata e aprobar os importes resultantes da referida actualización dos cadros de tarifas, ordeando a exposición pública do contido dese acordo, ós efectos oportunos.

URXENCIA. Antes de pasar ó oitavo e último punto da Orde do Día, rogos e preguntas, o Sr. Alcalde pregunta ós Sres. membros da Corporación, en cumprimento do sinalado no artigo 91-4 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, se desexan someter á consideración do Pleno, por razóns de urxencia, algún asunto non comprendido na Orde do Día da presente sesión.

Tanto o grupo do PP como o do BNG teñen propostas que prantexar de asuntos urxentes. Toma a palabra o Sr. Soto, para propoñer a inclusión dun punto con este carácter na orde do Día da presente sesión: unha moción relativa á caixa de aforros galega e contraria á súa privatización ou bancarización.

Sometida de seguido a votación ordinaria a inclusión da proposta de que se trata como urxente na Orde do Día da presente sesión, a Corporación, sen deliberación e por unanimidade dos seus dez membros presentes, acorda considerar o asunto urxente, polo que queda incluído na Orde do Día da presente sesión, pasándose de seguido ó seu debate.

#### URXENCIA. PRIMEIRO. MOCIÓN CONTRA A PRIVATIZACIÓN DAS CAIXAS DE AFORROS.

O Sr. Soto resume de seguido o contido da moción de que se trata, que literalmente di:

“Ao tempo que se está a iniciar a andaina da nova caixa de aforros galega, logo de acometer un proceso de integración que conta cun alto grado de consenso dos axentes sociais de Galiza, e que ten por obxectivo primordial seguir dotando a Galiza dun instrumento financeiro solvente ao servizo da economía do país, o Goberno Central vén de formular unha



**San Sadurniño**

[www.sansadurnino.es](http://www.sansadurnino.es)

Avda. Marqués de Figueroa, s.n.  
15560 San Sadurniño (A Coruña)  
Teléf. 981 490 027  
Fax. 981 490 474

proposta de reforma do sistema financeiro que avanza cara a privatización das caixas de aforro e implica unha mudanza substancial de dito proceso e aboca a “Novacaixagalicia” a transformarse nun banco privado.

A decisión do Goberno Central non ten fundamentos técnicos ou económicos, é exclusivamente política, e ten coma orixe a absoluta subordinación do Goberno do Estado aos intereses do capital financeiro. Constitúe un chanzo máis no proceso de consolidación do capital financeiro, auténtico detonante da actual crise económica polas súas prácticas especulativas guiadas por un afán de obter enormes lucros por riba da evolución da economía real, e que agora quere saír reforzado incidindo claramente no sistema público de pensións e nas propias caixas de aforro.

O BNG vén advertindo do deseño adoptado polo Goberno Central, consensuado co PP, que fomentaba a desterritorialización, bancarización e privatización das caixas de aforro, plasmando tanto na creación do Fondo de Reestruturación Ordenada Bancaria (FROB), como na aprobación dunha reforma *express* da normativa ordenadora dos órganos reitores das caixas de aforro, que serven de marco xurídico de referencia no cal se sustenta agora a nova reforma deseñada polo Goberno Central.

Perante iso, o BNG promoveu unha reforma da Lei de caixas de aforro de Galiza cuxa finalidade é a de colocar o aforro galego ao servizo do tecido produtivo do país e ademais defendemos desde o primeiro momento a fusión galega como ferramenta clara do reforzo e blindaxe do sistema financeiro galego. Mais agora, ese resultado de contarmos cunha única caixa de aforros galega está en cuestión, certamente por unha repentina actuación unilateral do Goberno Central e do Banco de España, mais tamén polo amparo que lle outorga o marco xurídico deseñado logo dos cambios legais que, consensuados polo PSOE e PP, foron acometidos ao longo dos últimos dous anos.

Galiza non pode ficar impasíbel perante a tentativa de quedar sen unha caixa de aforro que se encargue de nutrir o financiamento necesario para o tecido produtivo do país, onde as empresas e emprendedores galegos obteñan os recursos precisos para facer viábeis os proxectos que crean valor, riqueza e emprego en Galiza.

A privatización da nosa caixa galega significaría a desaparición dun sistema financeiro galego propio. Sen dúbida, constituiría unha apropiación indebida da caixas de aforros galega aos seus lexítimos propietarios, as institucións e impositores, para permitir a absorción do aforro galego polos poderes financeiros alleos a este país. Alén diso, a privatización das caixas de aforro non vai resolver a crise económica actual, senón que pola contra vai agudizar ao reforzar máis o poder do capital financeiro privado en detrimento das maiorías sociais que se sumirán nunha fonda crise social.

No BNG estamos convencidos que é o momento de defender os intereses de Galiza, reclamando tamén ao Presidente da Xunta de Galiza que se poña á fronte da contestación do deseño dun novo mapa financeiro que non respecta nin a galegitude, nin a vocación social da nova caixa de aforros galega, e faga valer o consenso acadado na sociedade galega a prol



San Sadurniño

www.sansadurnino.es

Avda. Marqués de Figueroa, s.n.  
15560 San Sadurniño (A Coruña)  
Teléf. 981 490 027  
Fax. 981 490 474

dunha caixa de aforros que cumpra dun xeito efectivo o seu papel social de contribución ao impulso da economía produtiva do país.

Polo o exposto, o grupo municipal do BNG, solicita do Pleno da Corporación a adopción do seguinte

#### ACORDO

1. Rexeitar frontalmente as pretensións do Goberno do Estado de privatizar e bancarizar a nosa caixa galega (Novacaixagalicia).

2. Solicitar do Goberno do Estado a retirada do denominado "Plan de reforzamento do sector financeiro" no que atinxe ás caixas de aforro.

3. Reclamar do Goberno da Xunta de Galiza a que defenda as competencias estatutarias de Galiza, actuando decididamente para evitar que o proceso de reestruturación das caixas de aforro galegas leve aparelada a entrada de capital privado nos seus órganos de decisión e a transformación nun banco privado.

4. Expresar o compromiso inequívoco en manter o vixente modelo de caixas de aforro, con vocación social e vinculación territorial, e demandar dos Gobernos central e galego que eviten calquera tentativa para que as caixas de aforros sexan alleadas en favor da banca privada e do capital financeiro."

O Sr. Bedoya amósase conforme co contido da moción, aínda que di que pode ser tarde, posto que o goberno central xa ten decidida a cuestión. Di que non se poden cambiar as leis cada semana, xa que esa vacilación xenera falla de confianza, polo que desde a Xunta se debe facer o posible contra esta onda privatizadora, realizada ademáis por un goberno de esquerda, coa finalidade de preservar a obra social e a presenza da caixa en localidades pequenas, polo servizo que dan e polo emprego que xeneran.

O Sr. Márquez tamén está de acordo en liñas xerais, e di que gobernar non é doado e todo é criticable, pero que no presente caso sería moi recomendable que se poidese manter a existencia da caixa galega, aínda que as caixas cada vez son máis semellantes a bancos.

O Sr. Soto concorda co manifestado, no sentido de que este goberno do PSOE está a facerlle o traballo a Rajoy, e engade que, sendo importantes o emprego que manteñen ou a presenza de oficinas en zonas rurais, o prioritario é o mantemento da autonomía financeira dunha entidade que concentra o noventa por cen do aforro dos galegos.

O Sr. Bedoya interven brevemente para lembrar que o BNG tamén prestou a seu apoio a presupostos estatais propostos polo PSOE desde o goberno, respostándolle o Sr. Soto que o seu partido establece estratexias diferenciadas para cada asunto concreto, ademáis de que hai moitos exemplos de acordos puntuais con diferentes grupos tamén por parte do PP.

Sometido de seguido o asunto a votación ordinaria, a Corporación, por unanimidade dos seus dez membros presentes, acorda prestarlle a súa aprobación á referida moción presentada polo BNG.

Toma a palabra novamente o Sr. Soto, para propoñer a inclusión doutro punto con carácter de urxente na orde do Día da presente sesión: unha moción relativa á celebración, o



San Sadurniño

www.sansadurnino.es

Avda. Marqués de Figueroa, s.n.  
15560 San Sadurniño (A Coruña)  
Teléf. 981 490 027  
Fax. 981 490 474

vindeiro 8 de marzo, do día internacional das mulleres. O Sr. Bedoya di que tamén o seu grupo trae unha moción sobre o mesmo tema.

Sometida de seguido a votación ordinaria a inclusión da proposta de que se trata como urxente, na Orde do Día da presente sesión, a Corporación, sen deliberación e por unanimidade dos seus dez membros presentes, acorda considerar o asunto urxente, polo que queda incluído na Orde do Día da presente sesión, pasándose de seguido ó seu debate.

#### URXENCIA. SEGUNDO. MOCIÓN DO BNG SOBRE O 8 DE MARZO, DÍA INTERNACIONAL DAS MULLERES.

A concelleira Sra. Muiño toma a palabra para resumir o contido da moción presentada polo seu grupo, que literalmente di:

“O Bloque Nacionalista Galego (BNG) asume a loita pola igualdade como un compromiso democrático, imprescindible para avanzarmos cara unha sociedade xusta. Non é tolerábel que a metade da poboación sufra discriminacións e se limite o exercicio dos seus dereitos. Acreditamos no necesario compromiso das institucións públicas coa igualdade, que deben articular medidas e programas que atendan as súas demandas e loiten contra as discriminacións de xénero. Lamentabelmente, coa chegada do PP á Xunta de Galiza, estase aplicando un programa regresivo, con efectos negativos para os dereitos e as condicións de vida das mulleres.

Os exemplos son abondosos. Cuestiónase o dereito das mulleres a decidiren libremente sobre a súa maternidade, péchanse servizos de información e atención, suprímese o Servizo Galego de Igualdade, parálizase a aplicación de leis en vigor como a de loita contra a violencia de xénero ou a favor da igualdade no ámbito laboral, ou redúcense drasticamente os orzamentos dedicados as políticas de igualdade. Estas políticas teñen a súa cara máis cruel e inxusta en decisións como a de eliminar axudas ás mariscadoras que non tiñan opción a unha pensión digna, ou nos recentes recortes aplicados ás axudas para as mulleres que sofren violencia de xénero.

A Xunta de Galiza, gobernada polo PP, está dando pasos cara atrás que non teñen precedentes nas últimas décadas. Co agravante de estarmos nunha crise económica que castiga ao noso país con paro e precariedade, con decisións inxustas que limitan o noso futuro. Hoxe hai 131.632 mulleres desempregadas, os índices de discriminación salarial persisten e a precariedade ten rostro feminino. Mentres a Xunta de Galiza non é capaz de poñer en marcha unha soa medida para atallar esta situación.

As súas decisións van por outros derroteiros. Preparan unha nova lei de familias, que no substancial supón un novo ataque aos dereitos das mulleres. Así o corroboran o Consello Económico e Social e numerosas asociacións feministas, alertando que o texto que prepara a Xunta supón recuperar o rol tradicional das mulleres para aforrar recursos orzamentarios en dependencia, escolas infantís, actividades extraescolares e comedores.

É sorprendente que un Goberno que non actúa fronte ao paro, ou os problemas que hoxe ten a sociedade galega, só sexa dilixente á hora de recortar dereitos e impoñer un



San Sadurniño

www.sansadurnino.es

Avda. Marqués de Figueroa, s.n.  
15560 San Sadurniño (A Coruña)  
Teléf. 981 490 027  
Fax. 981 490 474

programa ideolóxico. Urxe un cambio de rumbo. Demandamos políticas que permitan a creación de emprego e o acceso en igualdade das mulleres ao mesmo; priorizar a loita e os recursos contra a violencia de xénero; apostar polos servizos públicos e a corresponsabilidade nas tarefas do coidado e a crianza. Para logralo é precisa a nosa implicación. Podemos parar esta ofensiva e camiñar cara un modelo social e económico que albisque un futuro en igualdade na Galiza.

Polo o exposto, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte

#### ACORDO

1. Elaboración dun Plan de Emprego Feminino, con dotación orzamentaria suficiente e que conteña as medidas destinadas a acadar os obxectivos de incrementar o número de mulleres ocupadas, atendendo especificamente a problemática das mozas galegas, corrixir as brecha salarial e reducir a precariedade do emprego feminino.

2. Retirar o *Anteproxecto de Lei de apoio á familia e á convivencia* polo seu carácter regresivo para os dereitos das mulleres.

3. Reformular a Resolución do 14 de xaneiro de 2011, da Secretaría Xeral de Igualdade, pola que se regulan e se convocan axudas periódicas de apoio a mulleres que sofren violencia de xénero, establecendo uns baremos de renda idénticos aos que se recollían nas convocatorias anteriores e eliminando a incompatibilidade do cobro desta axuda no caso de ter gozado con anterioridade das medidas recollidas no artigo 27 da Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero. Ademais garantirase que o prazo de presentación de solicitudes desta axuda estea aberto durante todo o ano e fixarase un prazo máximo de 30 días para a resolución e pago efectivo das axudas desde o momento da súa solicitude."

O Sr. Bedoya di que, coñecido o texto da moción do BNG, baixo ningún concepto o seu grupo pode consensuar nada; trátase dun documento con severos ataques ó PP, pola súa actitude en relación coa igualdade de dereitos das mulleres. O Sr. Bedoya recorda que cando o BNG exerceu o poder, tampouco as cousas melloraron moito para as mulleres, e di que nestes temas a demagogia é moi cómoda. Pregunta pola procedencia da financiación para o plan de emprego mencionado na moción e manifesta que o seu grupo está moi sorprendido e defraudado por este prantexamento, cando pensaban na posibilidade de acordar un texto único, o que lóxicamente resulta inviable con esta proposta. Di que o seu grupo está pola igualdade, pero non polos ataques políticos gratuitos e demagóxicos.

O Sr. Márquez interven de seguido para manifestar a súa opinión no sentido de que a lexítima e procedente reivindicación dos dereitos da muller está sendo politizada, o que imposibilita acadar un acordo básico por encima de posicionamentos políticos para marcar liñas claras de actuación, que é o necesario.

A Sra. Muiño fala de novo para dicir que os avances neste tema foron pola loita e o sufrimento das mulleres e que se quere voltar atrás en temas como o apoio ás mulleres vítimas de violencia machista, que o que se reclama é soamente respaldo á igualdade e que o





**San Sadurniño**

www.sansadurnino.es

Avda. Marqués de Figueroa, s.n.  
15560 San Sadurniño (A Coruña)  
Teléf. 981 490 027  
Fax. 981 490 474

desenvolvemento socio-laboral das mulleres está paralizado por falla de axudas. Refírese a regresividade da lexislación sobre protección familiar que prepara a Xunta nalgúns aspectos, e reclama unha maior repercusión social das políticas de fomento da igualdade.

Interven de seguido o Sr. Alcalde para dicir que todo é política e que a visión da familia tamén ten un aspecto político importante, porque son distintos os conceptos de familia da dereita e a esquerda en temas como o aborto ou o matrimonio homosexual, o que repercute en propostas e posturas distintas tamén noutros temas.

O Sr. Bedoya di que efectivamente a súa formación defende lexítimamente a súa visión da familia, clarexando que non están en contra das unións homosexuais, senon soamente da súa denominación como matrimonio, sendo este Concello un dos primeiros en contar cunha normativa interna de regulación das unións de feito, aprobada cando gobernaba o PP, mentres que polo referido ó aborto, a discrepancia principal é a cuestión da necesidade ou non de información ós pais das menores de idade. En calquera caso, di que se trata de crencias persoais que todos temos o dereito de defender.

Sometido de seguido o asunto a votación ordinaria, a Corporación, por maioría de seis votos favorables, dos concelleiros do BNG e do PSOE, con catro votos contrarios, dos do PP, acorda aprobar a moción de que se trata.

Toma a palabra a continuación o Sr. Bedoya, para propoñer a inclusión doutro punto con carácter de urxente na orde do Día da presente sesión: outra moción relativa á celebración, o vindeiro 8 de marzo, do día internacional das mulleres.

Sometida de seguido a votación ordinaria a inclusión da proposta de que se trata como urxente, na Orde do Día da presente sesión, a Corporación, sen deliberación e por unanimidade dos seus dez membros presentes, acorda considerar o asunto urxente, polo que queda incluído na Orde do Día da presente sesión, pasándose de seguido ó seu debate.

**URXENCIA. TERCEIRO. MOCIÓN DO PP SOBRE O 8 DE MARZO, DÍA INTERNACIONAL DAS MULLERES.**

O concelleiro Sr. Bedoya toma a palabra para resumir o contido da moción presentada polo seu grupo, que literalmente di:

“A celebración, un ano máis, do día internacional das mulleres o 8 de marzo, supón un momento para a reflexión sobre os logros conqueridos na imparable conquista da igualdade de oportunidades entre mulleres e homes na nosa sociedade, e tamén sobre todas aquelas cuestións pendentes sobre as que é preciso un esforzo suplementario neste momento de profunda crise que nos toca vivir.

Na nosa comunidade autónoma a situación das mulleres no mercado laboral ten dado grandes pasos nos pasados vinte anos, pero segue a mostrar unha posición desigual con respecto aos varóns, dándose esta mesma desigualdade noutros ámbitos, como a participación política, social ou cultural.



En boa medida esta situación desigual débese ás grandes dificultades que siguen existindo para conciliar a vida persoal, laboral e familiar, moi particularmente para as mulleres, que son as que continúan desempeñando de xeito maioritario as tarefas de coidado de fillos e fillas e persoas dependentes, un feito este que incide nas súas opcións de incorporación, permanencia ou promoción no mercado laboral, e nas posibilidades de continuar formándose nun mercado de traballo cada vez máis esixente en termos de actualización dos coñecementos.

Esta desigualdade de partida ten importantes consecuencias na imposibilidade de adquirir, por parte de moitas mulleres, a necesaria independencia económica, un feito que adquire trágicas dimensións cando, en determinadas ocasións, limita as posibilidades das mulleres vítimas de violencia sexista de denunciar a súa situación e alonxarse do maltratador.

Vivimos uns meses particularmente duros no que se refire á violencia de xénero, que a pesares dos esforzos realizados, sigue manifestándose con toda crudeza no noso país, un feito que non se pode obviar cando se tenta por en evidencia os logros, pero tamén os fracasos, das políticas para conseguir unha sociedade máis igualitaria, onde as persoas, sen diferencias por razón de sexo, podan desenvolver as súas capacidades e elixir libremente a súa traxectoria persoal e profesional.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Municipal Popular do concello de San Sadurniño somete para a súa toma en consideración polo Pleno da Corporación os seguintes acordos:

1. Instar á Xunta de Galicia a reforzar as medidas implementadas para optimizar a empregabilidade das mulleres, impedindo que os logros obtidos nos últimos anos na participación igualitaria das mulleres no mercado laboral poden verse limitados, todo elo dentro do marco establecido na Estratexia para a Igualdade entre Mulleres e Homes 2010-2015 da Comisión Europea.

2. Instar ao Goberno Municipal a fortalecer a colaboración interinstitucional coa Xunta de Galicia, para mellorar os servizos e programas de apoio á conciliación da vida persoal, laboral e familiar.

3. Instar ao Goberno Municipal a por en marcha medidas de cara a unha racionalización dos horarios dos servizos municipais, que permita a todos os veciños e veciñas, atender máis racionalmente ás súas obrigas profesionais e de coidado dos nenos e nenas e persoas dependentes.

4. Instar ao Goberno Municipal a perfeccionar as medidas postas en marcha cara á prevención da violencia de xénero, dada a importancia que unha axeitada coordinación a nivel municipal ten na detección dos casos de violencia e a atención das mulleres vítimas."

A Sra. Muiño solicita varias aclaracións en relación co contido da moción de que se trata, xa que lle parece pouco detallada, e o Sr. Bedoya solicita información sobre o horario da Sra. Muiño e un informe sobre o traballo realizado no ámbito dos servizos sociais polo persoal contratado nesta lexislatura; o Sr. Márquez di que se está traballando para mellorar o servizo nos puntos ós que se refiere a moción, e que todo é mellorable.



**San Sadurniño**  
www.sansadurnino.es

Avda. Marqués de Figueroa, s.n.  
15560 San Sadurniño (A Coruña)  
Teléf. 981 490 027  
Fax. 981 490 474

Sometido finalmente o asunto a votación ordinaria, a Corporación, por maioría de catro votos favorables, dos concelleiros do PP, con seis abstencións, dos do BNG e PSOE acorda aprobar a moción de que se trata.

OITAVO. ROGOS E PREGUNTAS.

Non se formularon.

E non habendo máis asuntos que tratar, pola Presidencia levántase a sesión, sendo as doce horas e corenta minutos, redactándose a presente acta para a adecuada constancia do tratado e dos acordos adoptados, do que como Secretario certifico.

O ALCALDE PRESIDENTE,

O SECRETARIO,